OS PESCADORES GALEGOS NO GOLFO DE MÉXICO.
VIDAS DE AVENTURA ALÉN DO MAR

Ernesto López Naveiras

1. LIMIAR

Cando eu era neno, anos cincuenta, era moi normal atoparse un día cun mariñeiro retornado da Habana no peirao do porto de Redes e tamén nas outras vilas mariñeiras das rías de Ares e Ferrol. Eran homes inconfundibeis pola forma de vestir e falar: roupas lixeiras, de cores chamativos e un falar no que se mesturaba o acento e verbas galegas coa cadencia da fala cubana e as repetitivas verbas cas que comezaban ou remataban as frases: Ola chico!, Que tal como che vai, chico?, Adeus chico! Todos os veciños lles prestaban moita atención; por fin, conseguiran o retorno tan desexado, ademais eran bos conversadores e traían noticias frescas dos que quedaban aló.

Xa case están esquecidos aqueles anos nos que a xuventude de Caamouco emigrada en Cuba regresaba para visitar a familia e buscar noiva para casar. Entón viñan os ra-

Fig. 1.- Coa chegada dos habaneiros facíanse festas na praza do Campo de Redes. Unha forma de facilitar as relacións que logo rematarían en matrimonios. As "pajillas" que levan a maioría dos homes indicannos que eran habaneiros recén chegados

paces en grupos, dende a Habana. Cos cartos que tiñan aforrados, ou ben axudados polos familiares que estaban con eles emigrados, pagaban as viaxes, mercaban boa roupa e algún agasallo para a familia e presentábanse en Redes. A idea do retorno ao lar gravouse con promesas e imaxes no máis profundo das súas conciencias no momento da partida e as lembranzas do lugar onde pasaran os primeiros anos de vida xurdían como necesidade prioritaria a revivir naquel momento da súa vida. *(Fig. 1)*

Chegaban e como un lóstrego a noticia percorría rúas e rueiros e as mozas casadeiras amañábanse cos mellores vestidos, preguntando con certo nerviosismo quen eran os que viñan, as respostas tan amplas como lles era posibel: o fillo de fulano, que traballa en tal, que vén por dous meses, vin unha fotografía e é bo mozo... A parroquia fervía de momentos por coñecer os habaneiros, e as rapazas paseaban estrada arriba, estrada abaixo e polo Carballo, o paseo de moda entón, ían en pequenos grupos, lucindo os dons da súa condición feminina que enxalzaban coa mellor roupa que tiñan. Moitos casaban e por necesidade e condición de familia pronto voltaban a emigrar, deixando na vila mulleres e fillos pendentes da fortuna que a vida lle deparara a aquel esposo e pai alén do mar. Pronto o pobo acuñou un dito froito dunha realidade: "O que casa en Redes ao outro día da voda, a familia ponlle a maleta na porta e o mándao para Cuba"

PARA LA HABANA.

Saldrá del puerto de Rivadeo el 30 de Setiembre próximo la acreditada y velera fragata española nombrada BENGOECHEA, clavada, empernada y forrada en cobre, su Capitan Don Francisco Antonio Martinez.

Admite pasageros á los que ofrece comodidad y el buen trato que Capitan y Armador tienen acreditado.

La despacha su dueño D. Francisco Antonio de Bengoechea.

En

Cando os anos pasaron o retorno daquela xuventude, agora xa en idade de retiro, era tamén noticia de cotío na parroquia. A noticia da chegada dun cubano corría axiña pola vila e era frecuente que na misa do domingo todos os veciños se atoparan co retornado, no adro da igrexa de Caamouco, xa que entón ninguén faltaba a misa. Eran anos de retorno, ás veces como triunfadores e outras como simples traballadores que co seu esforzo conseguiron manter a súa familia durante longos anos, a cambio de consumir a xuventude na dura loita coas tremendas dificultades dun mar cheo de perigos.

Os retornados que dedicaron a súa vida á pesca no Caribe tiñan un aire especial, eran prudentes, non adoitaban falar das súas vidas aínda que as veces contaban as aventuras vividas ao limite das forzas sorteando ciclóns que os collían navegando polos arrecifes de coral, entre as correntes do Golfo. Moitos volveron a embarcar nos xeitos da ría, como cando eran nenos, e foron pescar sardiñas de asexo e amanexo mais aló da Marola. Cando eles morreron pechouse un modo de vida, no que a terra de orixe sempre estivo presente como nexo de unión e singularidade á que sempre se tiña que volver; a familia foi o núcleo no que se concentraba a razón de tanto sacrificio e os froitos dunha vida de traballo que posibelmente xamais se volva a repetir.

Destas vidas de entrega, aventura e perigo trata este traballo, no que se documenta como os pescadores das rías de Ares e Ferrol chegaron a monopolizar a pesca no golfo

de México. Na idea de que non se perda, de todo, a historia desta xeración de pescadores das rías galegas, ou para mellor idea que este pequeno traballo sirva para que outros con maior coñecemento e medios investiguen a fondo a historia destes homes.

2. As primeiras noticias

Non se coñece con seguridade cando se empezou a pescar con barcos-viveiro no Golfo. A historia que se escoita contar aos mariñeiros é que foron os canarios os que comezaron a pescar no século XVIII e que a eles se uniron os galegos. Nos anos cincuenta aínda quedaban vellos pescadores canarios na flota viveirista. No norte de Europa de antigo empregábanse barcos similares aos viveiros, pero máis pequenos, para conservar viva a lagosta que pescaban; tamén a dorna galega dispón dun pequeno depósito para manter a carnada de pescar viva. Pode que para resolver os problemas de conservación do peixe nos calores do trópico se inspiraran nalgunha das antigas embarcacións europeas.

Registro numero 105

Fig. 2.- Documento do administrador e contador do porto de Progreso (México)

No momento actual temos a suficiente información como para precisar o momento en que a corrente migratoria de mariñeiros galegos con orixe nas rías de Ares e Ferrol que chegaron a Habana (Cuba) tomou a suficiente importancia como para consolidar anos máis tarde unha industria pesqueira de grande importancia na economía cubana. A documentación que apoia esta afirmación procede dos arquivos familiares dos antigos viveiristas do porto de Redes, gardados con verdadeiro agarimo por seus descendentes. Poida que con anterioridade outros mariñeiros das rías de Ferrol e Ares chegaran emigrados a Cuba para traballar na pesca, no sector naval da construción de barcos ou transporte de cabotaxe entre as costas de Cuba, México e Estados Unidos. Pero o que até este momento temos documentado é a importante cadea migratoria que comezou aproximadamente a mediados do século XIX e que se documenta coa seguinte documentación:

> *"(...)hasta el 22 de Mayo del mismo año de 1892, día venturoso en que fue a verme Don Manuel Suárez Casteleiro, primo de mi padre y hombre de avanzada edad que me había prodigado la más amable acogida desde mi llegada a La Habana. Tenía el Sr. Suárez Casteleiro un establecimiento de víveres en la calle San Pedro esquina a Ena para avituallar varias goletas-viveros de su propiedad"*[1].
>
> *"Certificados y documentos del puerto de Progreso (México), referidos al despacho del Pailebot-Vivero-Español "Antonio Suárez" de 38 toneladas,*

1. Cita contida na biografía: *Para mis hijos (síntesis de mi vida) Segundo Casteleiro*. Revista "A Tenencia" nº 3, páxina 19.

su patrón "Juan Amado" que hace su viaje en lastre para el puerto de la Habana, con seis tripulantes. Fecha de los documentos: 8 de diciembre de 1892, 21 de marzo de 1894, 28 de noviembre de 1894"[2].*(Fig. 2).*

Manuel Suárez Casteleiro, *(Fig. 3)* como se indica no parágrafos anteriores, no ano 1892 xa era propietario de varias goletas-viveiros. Casteleiro o defíneo, na súa biografía, como un home de avanzada idade que pode estimarse maior de sesenta anos. Manuel Suárez correspóndese cun empresario que dispoñendo dun capital froito do seu negocio de víveres invísteo na compra de barcos-viveiro de pesca, que pon en mans de patróns experimentados na pesca de pargo e cherna no golfo de México. No caso que temos documentado o barco-viveiro chamabase *Antonio Suárez*, nome do irmán de Manuel que por padecer unha enfermidade mental quedou en Redes acollido polos seus parentes e de quen sempre se acordou Manuel. O patrón deste barco era Juan Amado Leal tamén do porto de Redes, nado en 1865.

Fig. 3.- Manuel Suárez Casteleiro do Porto de Redes, propietario de varios barcos-viveiro na Habana (1892)

Se se prefixa unha idade de Manuel para emigrar de vinte anos, chegaría á Ha-

Fig. 4.- A cidade da Habana tal como a coñeceron os mariñeiros das rías de Ares e Ferrol cando chegaron na metade do século XIX

2. Certificados e documentos propiedade de José Manuel Naveiro López, porto de Redes.

bana aproximadamente en 1860, como todos os que ían sen patrimonio nin fortuna, supoñendo de vinte a trinta anos para labrarse a fortuna que lle permitiu a compra dos barcos-viveiro, confírmase a data de chegada a Habana a metade do século XIX. (Fig,5)

Por aquel entón, aínda que máis tarde que Manuel, tamén chegaron á Habana outros redeños que foron propietarios de barcos-viveiros e barcos para cabotaxe polas costas do Golfo, entre os que se encontran os irmáns Francisco e Antonio Bello Casteleiro, Antonio Casteleiro Rojo e Francisco Vilar Casteleiro (Pancho), todos vencellados entre eles por razón de parentesco. Esta saga de redeños foron os que propiciaron a formación dunha cadea migratoria local, que tiña a vantaxe de que a inserción laboral do mariñeiro se producía antes de marchar, por acordos familiares, ademais doutros moitos aspectos positivos que fixeron que a maior parte dos mariñeiros das rías que foron a Cuba encontraran neste sistema migratorio e na estrutura pesqueira e social en que se integraron a solución aos graves problemas que acompañaban a migración de aventura ou guiados por malos e aproveitados conselleiros.

Este tipo de emigración consolidou en Cuba un sistema laboral moi interesante que se pode concretar no seguinte caso real. Un rapaz de pai redeño emigra para a Habana a idade de dezaseis anos, coa axuda dun parente colócase unha ferraxaría na que entra de auxiliar de tenedor de Libros. Nela coñece a outro rapaz de Caamouco, aproximadamente da mesma idade, ao que se une no labor de facer prosperar a ferraxaría. Despois de varios anos de traballo en común en colaboración co propietario ofréceselles o participar no negocio como accionistas e promóvenos á xerencia da empresa; anos máis tarde, despois de ocorrer circunstancias que o facilitaron, pasaron a ser propietarios da mesma. Chegado este momento abrese unha nova cadea migratoria familiar e local que leva á Habana a un grupo bastante numeroso de rapaces das familias dos propietarios e veciños de Franza (Mugardos), Seselle (Caamouco), Redes (Caamouco),... para traballar no ramo da ferraxaría.

Como resumo do contido destes parágrafos reafírmase que os galegos practicaron en moitos sectores da economía cubana un tipo de migración baseada nas cadeas de emigrantes familiares e locais. Que a chegada dos primeiros emigrantes con orixe no porto de Redes a mediados do século XIX creou un nicho laboral no sector pesqueiro, que foi o desencadeante dunha cadea migratoria de carácter familiar e local que abriu as portas de Cuba a moitos parentes e veciños da vila, que as condicións laborais nas que se integraron foron vantaxosas para os recén chegados xa que se atoparon con homes experimentados no coñecemento das técnicas de pesca, da navegación polo golfo de México, nas técnicas de conservación do peixe e canles de comercialización. Tamén no aspecto social a acollida recibida foi moi importante xa que non entraban nun novo ambiente social, senón que era unha continuidade do que coñecían na súa vila por compartir con parentes e veciños os longos días de pesca e descanso, sempre tutelados cando eran novos.

3. A PESCA NOS BARCOS-VIVEIRO

Para mellor entender as circunstancias nas que se desenvolveu a pesca no golfo de México é necesario precisar dúas etapas: a primeira vai dende o comezo da utilización dos viveiros até a aparición dos neveiros e as primeiras experiencias industriais, a segun-



Fig. 5.- Viveiro *María*, propietario José Martínez Casteleiro do porto de Redes, vendido á Cia. Cubana de pesca y Navegación en 1919. Pola popa pode verse amarrada unha cachucha e a ela un bote.

da remata no momento en que triunfa a revolución de Castro (1959). Na primeira etapa os barcos son de propiedade persoal, sendo patrón e dono a mesma persoa ou a propiedade posúea unha persoa ou grupo, alleos á pesca, que delegan nun patrón de experiencia e total confianza a responsabilidade da pesca e conservación do barco. Nas dúas etapas a pesca é practicada de forma artesanal e só hai variacións no tema de mellora dos barcos e aparición de novas axudas á navegación, como pode ser a radio, ademais da aplicación dunha potente infraestrutura de apoio e comercial na etapa industrial; tamén a utilización de artes de arrastre incorporouse nesta etapa. A primeira etapa é á que se vai referir este parágrafo.

Os viveiros eran barcos de vela de dous paus normalmente aparellados como goletas. As veces construíanse nos esteleiros cubanos e outras eran barcos de cabotaxe que traballaban no transporte de mercadorías polo Golfo e eran modificados dotándoos dunha ou varias adegas nas que a auga do mar entraba por uns buracos feitos no fondo do casco, cun diámetro que permitía o paso dun puño pechado. Podían levar nos tanques arredor de 80 a 150 Tm. de pesca.

Eran barcos pesados movidos unicamente pola forza do vento, complicados no seu manexo polas dificultades que presentaba o seu enorme desprazamento e non dispoñer de motor a bordo. As derrotas que estes barcos seguían para chegar as sondas de pesca pre-

sentaban moitos perigos xa que atravesaban por estreitos canles entre "cayos" nos que as correntes mariñas, que os cruzaban, mandaban, ás veces, máis que o vento. Ser patrón de viveiro, con anterioridade á utilización da radio (1943), non era doado xa que se contaba con moi poucas axudas á navegación, so un compás, para orientarse, un escandallo, para coñecer a profundidade, unha corredeira para calcular a velocidade do barco e saber ler no ceo e nubes.

O escritor cubano Alejo Carpentier en su libro *El Amor a la Ciudad* describe a os viveiros fondeados diante de Casa Blanca, así: *"...que al final de cada calle se divisaba un barco, que los veleros tienen siluetas esbeltas y que en sus travesías, que no duran más de quince o veinte días, por el Golfo de México navegan sin mapas y sin sextante, guiados por los hombres que tutean las corrientes, leen en las nubes, escuchan los consejos del viento y conocen, gracias a las referencias dadas por la sonda(escandallo), el aspecto y la naturaleza de los paisajes submarinos...Sólo el María Seijas*[3]*, revindica derechos de feminidad entre sus compañeros...".*



Fig. 6.- La Cherna y el Pargo son las dos especies de peces en las que se centraban los viveiristas en su pesca.

Como indica o seu nome eran viveiros nos que se mantiñan os peixes vivos nas adegas dispostas para tal fin. As calores do trópico, duración da pesca e dos longos viaxes aos caladoiros, facían que a marea durara entre quince e vinte días en total, con vento normal, obrigando a conservar o peixe salgado ou vivo na auga do mar das adegas. Nos mercados da Habana o peixe fresco pagábase mellor que co salgado xa que cos habaneiros o preferían; consecuencia desta preferencia é a importancia por mantelo vivo até a chegada ao mercado. Unicamente se salgaban os peixes que morrían no momento da súa extracción do mar ou posterior manipulación. *(Fig. 6)*

Como pesca artesanal que era, os aparellos utilizados eran liñas de fío de algodón ou henequén dunha lonxitude de cincuenta brazas cun pé formado por varios anzois e un chumbo, utilizando como encarnada pequenas sardiñas que compraban de camiño das zonas de pesca, nos pequenos portos da costa. En *Arroyos de Mantua*, vivía unha familia de Barracido (Caamouco), os Riveiro que tamén eran mariñeiros e subministraban as sardiñas aos viveiros. Chegaban os viveiros a Arroyos de Mantua, cargaban a carnada e continuaban cara ao Cabo San Antonio e chegando a el viraban con rumbo á sonda de Campeche (Yucatán), en aproximadamente 48 horas con tempo normal daban vista a cabo Cátoche e estaban na sonda de pesca.

3. O patrón do viveiro *María Seijas* era Antón do Rato de Mugardos.

As sondas de pesca se encontrábanse diante da península de Yucatán en México: Campeche, Isla Mujeres,... e tamén en Saribel na costa da Florida-USA. A viaxe á sonda de pesca, dependendo do vento, podía durar tres ou catro días tanto na ida como na volta. Ás veces estando en Campeche poñían rumbo a Florida, cruzando o golfo, para completar a pesca na sonda de Saribel e despois ían vender á Habana.

Fig. 7.- O rumbo seguido polos viveiristas para ir dende á Habana á sonda de Saribel (Florida) era o que se mostra na carta

Chegados á sonda, o que calculaba o patrón pola velocidade que levara o barco e o tempo transcorrido dende que saíran do cabo San Antonio, despois de fixar o rumbo, ou ben por ver algún sinal coñecido se se avistaba terra, mandaba largar o escandallo ou sonda, que non era máis que un chumbo untado de graxa de porco e atado a un cabo fino no que estaban marcadas as brazas. Contando as brazas de corda que se mergullaban no mar e levantando o chumbo e vendo as partículas que traía pegadas á graxa, sabían se estaban en fondo de pedra, area ou cunchas, e tamén se se encontraban encima da plataforma continental. Tan só quedaba atopar un fondo de pedra, cando o escandallo subía limpo había pedra, que era onde se encontraban os peixes que buscaban entre os que se encontraban principalmente chernas e pargos. *(Fig.7 e 8).*



Fig. 8.- Para ir á sonda de Campeche(México) ían costeando até o cabo S. Antonio e despois viraban cara a península de Yucatán, dende o cabo á sonda de pesca levaba sobre 50 horas con vento normal

O barco podía fondear ou quedar ao pairo aproado o vento, sempre coas velas largadas, que non se baixaban nin para durmir. Largábanse as primeiras liñas e si os peixes picaban trataban de non moverse do sitio manobrando tendo en conta as correntes e o vento. Comezada a pesca que se practicaba de pé pola borda, xa non se paraba, a xornada era de sol a sol con breves intervalos para

comer, que se facía en cuberta co prato na man. Largar a liña e subir peixes e dependendo da profundidade a que estaban pescando, que podía ser entre doce ou cincuenta brazas, había que facerlle unha operación ao peixe que era furarlle a vexiga natatoria para que non rebentaran por estar o tanque do viveiro na superficie do mar e ter a columna de auga menos presión da que tiñan os peixes no mar.

Contábanme os irmáns Maceiras de Pontedeume que lles metían unha cánula, afiada na punta, pola galla e cando se sentían saír o aire xa se podían botar ao tanque.

As mareas de pesca tiñan unha duración de quince a vinte días contando os días de viaxe de ida e volta. Dependendo do barco a captura podía estar arredor de 20.000 Kg., un 80% vivo e o resto salgado. Con tan poucas axudas á navegación calquera circunstancia que se presentase na navegación, como vento forte, temporal ou quedar sen vento, creaba serias dificultades para chegar aos lugares previstos, máis dunha vez deixaron a illa de Cuba pola popa, no regreso da sonda, e pasadas horas tiveron que dar a volta. A condición máis importante que hai que resaltar nos patróns dos viveiros era a súa experiencia no coñecemento da navegación polo Golfo, dende nenos embarcados recibindo instrucións dos vellos patróns, soportando moitas penurias ás veces pola meteoroloxía e outras polas condicións laborais de precariedade e inxustiza; non todo nos viveiros era bo e legal. Non foi fácil a vida a bordo dos viveiros. *(Fig. 9).*

Fig. 9.– Pascual Martínez do Porto de Redes, alcumado *Cuco*, patrón dun viveiro da súa propiedade. Coñecido na flota do Golfo como "O Rei da Cherna" pola súa experiencia e coñecementos da pesca no Golfo

4. Conservación da pesca e comercialización

Cando os viveiros chegaban á Habana, fondeaban na canle da ría, procedíase a sacar o peixe da adega para metelos nas cachuchas; o peixe ía vivo. As cachuchas son gaiolas feitas con listóns de madeira que quedaban asolagadas no mar e tiñan na parte de enriba una porta pola que se metían os peixes, cada unha das cachuchas tiña capacidade para 2.000 a 3.000 Kg. de pesca. *(Fig. 10)*.

Fig. 10.- Cachuchas varadas no peirao dos Cocos en Casa Blanca

Diante do peirao dos Cocos en Casa Blanca, na canle de entrada da ría da Habana, había nos anos vinte unha ringleira de cachuchas fondeadas, de tal forma que os viveiros atracaban nelas e fondeaban. O peixe collíase na adega con trueiros e outros aparellos, incluso mergullándose, e pasábase da adega do barco á cachucha. As cachuchas fondeadas facían as veces dun enorme almacén no que os peixes se mantiñan vivos até que eran levados, remolcando a gaiola, cun pequeno bote a remos ou motor ao peirao de Caballerías. Esta ringleira de cachuchas funcionaba como un almacén regulador do *stock* de pesca. Se o prezo era bo o peixe ía ao mercado e se era baixo o mantiñano na cachucha, todo dependía da demanda de peixe que houbese e dos prezos. *(Fig. 11)*

No peirao había unha grúa que durante moitos anos estivo a cago do Meizan (Enrique) de Redes.

Fig. 11.- Fotografía moi ilustrativa da estrutura pesqueira existente na canle de acceso á badía da Habana para conservación viva da pesca. A lenda escrita en inglés confunde a ringleira de cachuchas cos restos do acoirazado *Maine*, afundido nesta canle en 1898

Sobre esta imaxe, que inspirou a Alejo Carpentier, pode explicarse, con certo nivel de detalle, a importancia da Cía. de Pesca y Navegación S.A., fundada e presidida por Segundo Casteleiro e o interesante e descoñecido labor dos nosos devanceiros dedicados á pesca no golfo de México. As instalación pesqueiras que mostra a fotografía son propiedade da companía fundada por Segundo.

Seguindo as indicacións numéricas da fotografía, temos:

1.- Peirao dos Cocos, construído de madeira sobre estacas espichadas na area pola

Cía. de Pesca y Navegación, cos seus almacens e vivendas para os traballadores.
2.- Cachuchas estibadas sobre o peirao agardando a ser utilizadas para almacenar vivos os peixes que capturaban os viveiros. Capacidade entre 2.000 e 4.000 Kg. de peixe. Medidas: eslora 5 m., manga 3 m. e puntal 2 m.
3.- Viveiros fondeados dispostos para saír ás zonas de pesca, capacidade de carga de 80 a 150 Tm. de peixe.
4.- Cachuchas fondeadas e cheas de peixes vivos agardando que a demanda do mercado propiciara a venda.
5.- Viveiros de volta da pesca, posibelmente da sonda de Campeche en Yucatán (México). Ao non dispoñer de motor nas manobras de atraque, estes grandes barcos de vela tiñan a necesidade de ser remolcados por un bote a remos, como pode verse no primeiro viveiro.
6.- "Guadaños" transportando pasaxeiros dende Casa Blanca á Habana e viceversa.
7.- Peirao de Caballerías, onde se descargaba a pesca e se embarcaba nos "guadaños" para ir a Casa Blanca.
8.- Botes de remos empregados para servizo dos viveiros fondeados e levar as cachuchas ao peirao de Caballerías.

(Enrique) de Redes. As gaiolas eran remolcadas por un bote de remos ou motor dende o lugar en que estaban fondeadas até o peirao, entón subíanse co guindastre e envorcábase o peixe nun canastro para logo pesalo e de aí ao mercado. *(Fig. 12).*

5. A etapa industrial

Para desenvolver esta etapa da pesca no golfo imos seguir os pasos de Segundo Casteleiro Pedrera, nacido na Coruña, fillo e sobriño de propietarios de viveiros na Habana; a súa viaxe a Cuba recóllea así na súa biografía. *(Fig. 13).*

"Embarqué en La Coruña, el 21 de Septiembre del expresado año de 1891 en el vapor de la Compañía Trasatlántica Española «Reina María Cristina», que en aquella época mandaba el Capitán Sr. Gorordo y era uno de los mejores y más modernos barcos de dicha empresa naviera. Vine, no en tercera, sino en cámara de segunda clase, y tuve por compañeros al entonces arcipreste de la Catedral de La Habana, al Sr. G. Grana, gallego, comerciante habanero establecido en la calle de 0'Reill,y y al encargado de la botica

Fig. 12.– Momento no que se procede a pesar o peixe, despois de envorcalo nos canastros dende as cachuchas

"San José", de esta Capital, con todos los cuales hice amistad.
En verdad, yo no comencé, por tanto, la emigración por su fase más depresiva y más avivadora de la súbita y prologal nostalgia, no acibaré mi éxodo con el doloroso y radical contraste entre el calor y las delicias del hogar y el hacinamiento casi de ergástulo del sollado de tercera, que al máximo poeta gallego, Curros Enríquez, fallecido en La Habana, arrancó las desgarradas e imperecederas estrofas en que evoca "un aleve, negreiro vapor".
Con todo, mi animoso corazón de muchacho decidido a abrirse paso, no dejó de sentir hondamente el temprano desgaje, pues no en vano dejaba un hogar acariciador, una madre amada y amantísima y aquella ciudad de La Coruña, de tan profundo hechizo que hasta el poeta se preguntaba por qué aun los extraños «conocerte no pueden, sin que dejarte no sientan». Pero yo era, como lo habían sido y lo seguirán siendo miles de conterráneos míos, una temprana voluntad que sobreponía al natural ablandamiento sentimental de la separación y a la incógnita del porvenir, una entera determinación de esfuerzo, recta conducta y, sobre todo, de confianza en Dios...".

Fig. 13.- Segundo Casteleiro Pedrera, nado na Coruña de pai do porto de Redes, fundador entre outras empresas da Cía. Cubana de Pesca e Navegación

Segundo Casteleiro triúnfa no ramo da ferraxaría:

"La Sociedad |«Casteleiro y Vizoso, S. en C.» me tuvo por Gerente durante veintisiete años, esto es, hasta el 20 de marzo de 1928, en cuya fecha pasé a ser comanditario de la sociedad "Casteleiro y Vizoso y Cía., S. en C.". En ese largo lapso consagré a la misma mi esfuerzo y mi atención preferentes, ya que no en vano yo era uno de sus dos creadores y, a través de todas las vicisitudes, habíamos mantenido y ampliado su solidez y su reputación mercantil. Tras esa razón social y a lo largo de sus evoluciones en ese considerable espacio de tiempo se empleó mi madurez, permitiéndome ir asociando a nuestra obra a aquellos que habían sido probados y eficaces colaboradores en su prós-pero desarrollo.
Por escritura Nº 297, de 18 de marzo de 1905, otorgada ante el Notario Público Dr. Juan A. Guiteras, con efecto retroactivo al 1° de enero de 1905,

se constituyó por término de seis años la segunda sociedad «Casteleiro y Vizoso, S. en C.», integrada por los siguientes señores: Comanditario: Leonardo Buñuel con $80,000.00; Comanditario: Laureano Falla Gutiérrez con $50,000.00; Gerentes: Segundo Casteleiro y Pedrera con $30,000.00 y Gaspar Vizoso Cartelle con $30,000.00. Capital total $190,000.00.
El 10 de febrero de 191110, por escritura ante el Notario Lie. Pelayo García, dejó de pertenecer a la Sociedad "Casteleiro y Vizoso, S. en C." el Comanditario Sr. Leonardo Buñuel, continuando la sociedad formada por los señores Segundo Casteleiro y Pedrera con $150,000.00 y Gaspar Vizoso Cartelle con $150,000.00 como Gerentes; y el Sr. Laureano Falla Gutiérrez con $100,000.00 como comanditario. Esta sociedad se constituyó con un capital social de $400,000.00...".

O Buñuel de quen fala Segundo Casteleiro non é outro que o pai do director de cine Luís Buñuel Pórtoles. A súa biografía non pode ser escrita sen considerar este período no que a fortuna de seu pai se incrementou considerabelmente grazas ao traballo de dous galegos de Caamouco, Segundo Casteleiro e Gaspar Vizoso.

Segundo Casteleiro Pedrera, por pertencer a unha familia que era propietaria de barcos-viveiro da flota do Golfo, coñecía de primeira man o negocio da pesca e pola súa capacidade e experiencia na xerencia e participación na fundación de empresas asume o risco de liderar a fundación da empresa: Compañía Cubana de Pesca e Navegación. Así comenta Segundo a fundación:

"He sido el principal organizador de esta Compañía que se constituyó, el 28 de septiembre de 1916, con un capital autorizado de $1.000,000.00 en Acciones Preferidas y $1.500,000.00 en Acciones Comunes, no obstante lo cual sólo se emitieron $500,000.00 en Acciones Preferidas, de $100.00 cada una, y $1.000,000.00 en Acciones Comunes, también de $100.00 cada una. Fui designado Presidente al constituirse esta Compañía, que vino a ser propietaria de 49 Goletas-viveros y del vapor, para la pesca del Bou, nombrado «Tritón», cuyos barcos abastecían una parte importante del pescado que se consumía en los mercados de Abastos de la Ciudad de La Habana, y, por diversas conexiones establecidas, llevaba también a esos Mercados buena cantidad de pescado procedente de Batabanó y algo que se importaba de la Florida.
Como el resultado de los Balances de aquellos años de la Compañía fueron muy satisfactorios, en el 1919 pudieron amortizarse $50,000.00 del capital en Acciones Preferidas. Renuncié al cargo por motivos de salud, el 1° de septiembre de 1920".

Por primeira vez na Habana as empresas de carácter familiar e agrupación de propietarios teñen a posibilidade de integrarse, por venda ou asociación, nunha empresa cunha potente estrutura industrial que pon a disposición dos pescadores o peirao dos Cocos en Casa Blanca: casas de madeira para moitos pescadores no mesmo peirao, almacéns de velas, cabos e demais aparellos para os barcos, buques de apoio,...; non descoidando a parte comercial na que estabelece novas canles de comercialización e prepara a flota para a súa evolución e reconversión en neveiros, nos que na conservación do peixe intervén o xeo.

Outro aspecto industrial moi importante que tivo repercusión na pesca e mariña cubana en xeral, na que tamén participou Segundo Casteleiro, foi a fundación da compañía Jarcias de Matanzas S.A.:

> *"He sido el organizador de esta Compañía, constituida, en 28 de enero de 1918, con un capital de $2.500,000.00 en Acciones Preferidas de 7% y $3.5000,000.00 en Acciones Comunes, que fueron suscritas y pagadas por un Sindicato que contribuí a formar con algunos amigos. Previamente el señor Armando Godoy y yo habíamos obtenido una opción para comprar la firma «Raffioer Enbsloh & Co.», la fábrica de jarcia y cordelería, así como las plantaciones de henequén establecidas en Matanzas, por un precio de $1.700,000.00, en cuyo justo precio traspasamos nuestros derechos a la nueva entidad, desairando ofertas tentadoras de una regalía que se nos hicieron a nombre del Sr. Regino Truffin (q.e. p. d.), que era Presidente de otra Fábrica de Jarcia y Cordeles situada en Regla.*
>
> *Fui designado, al constituirse la Compañía, Primer Vice-presidente, y unos meses después elevado al cargo de Presidente –el 7 de febrero de 1919– y reelecto por siete sucesivos períodos de cuatro años hasta marzo de 1950. De hecho he ejercido la Presidencia de la Compañía, que logramos que llegara a ser una de las más importantes empresas industriales de Cuba, durante los últimos 32 años. La mencionada «Compañía de Jarcia de Matanzas, S. A.», mejoró notablemente el equipo mecánico industrial, instalando nuevos Peines, Hiladoras, Gilspinners, Torcedoras, Máquinas de hacer bolas, etc., aumentándose considerablemente su capacidad de elaboración de Jarcias, Hilos y Cordeles y mejorando asimismo la calidad de sus productos, a la vez que se sustituyó, en 1925, su planta de Fuerza de Vapor por una Planta de Motores «Diesel» que más tarde aumentamos hasta tener 2,300 HP.*
>
> *La cooperación prestada por esta industria Cubana a la Marina y el Ejército de los Estados Unidos durante la Segunda Guerra Mundial, sobre todo en los años 1944 y 1945, ha sido importante y objeto de celebraciones. En esos años se trabajó febrilmente, llegando a producir un promedio*

de 25.000,000 de libras anuales de Jarcias, Hilos y Cordeles de Henequén. Durante la citada contienda universal, la «Compañía de Jarcia de Matanzas, S. A.» ha sido felicitada por el Contraalmirante de la Marina de los Estados Unidos, Mr. Alex M. Chariton, por «la espléndida cooperación de esa Compañía en perfeccionar la elaboración de jarcias para hacer redes de carga utilizadas en los desembarcos anfibios en el Pacífico»".

Outras sociedades coexistiron coa fundada por Segundo Casteleiro, entre as que se encontran as sociedades de Palmer e Bengochea (Fomento de la Pesca). A Compañía Cubana de Pesca e Navegación existiu até que foi intervida por Fidel Castro (1959). Un día Fidel en persoa presentouse no peirao de Caballerías e embarcou nun barco que estaba descargando peixe, facendo comentarios de que se ía renovar a flota pesqueira, que se ia a potenciar o sector pesqueiro,... A verdade é que os barcos se incautaron, os patróns e mariñeiros pasaron a depender do Estado e, pouco a pouco, todos remataron na miseria máis lamentáble.

6. A VIDA A BORDO DOS VIVEIROS

Sempre que un mariñeiro me falou de como era a vida que levan a bordo dos barcos, escapábanselle un pequeno suspiro de nostalxia; pode que falar do pasado vivido, dos moitos recordos, bos e malos, que o tempo borra lentamente da mente, non é doado. Sempre entendín e desculpei o pouco ánimo que algúns viveiristas tiñan para contar a historia propia, contar cando os anos están enriba e xa non hai tempo para emendar erros, coido que presenta dificultades, máis no caso dos vellos viveiristas que todo ou case todo o perderon por razóns alleas á súa vontade e esforzo. *(Fig. 14)*

Fig.14.- Momento no que un viveiro iza as velas para saír pola boca da ría da Habana cara a sonda de Campeche

Os mariñeiros que navegaron nos barcos-viveiro falaban da dureza do oficio, do risco permanente, da enorme camadarería que existía entre os compoñentes da tripulación, da monotonía da viaxe cara á sonda de pesca coas velas largadas e agardando que o vento non entrara en calma ou se puxera bravo. Facer a bordo, cando navegaban, pouco había que facer, vixiar para non arremeter con outro barco ou obstáculo, controlar o compás e velas, botar a corredeira pola popa, estibar cabos, preparar liñas e pouco máis. Algúns destes labores encomendábanselles aos mariñeiros máis experimentados incluso aqueles

que requirían certas mañas e coñecementos: preparar cabos, coser velas,... Así que o resto ou ben axudaba ou facía o que máis lle gustaba: ler, durmir, xogar ás cartas ou calquera outro pasatempo. As tripulacións dos primeiros anos tiñan un baixo nivel cultural, incluso os patróns, situación que se mellorou coa implantación en Galicia das escolas das Sociedades de Instrución que os viveiristas tamén axudaron a construír, polo que era frecuente para aproveitar o tempo, cando o mar o permitía, que a tripulación se entretivese escoitando a lectura de novelas que se compraban na Habana e eran lidas por un dos mariñeiros, en voz alta, mentres o resto da tripulación, entre a que había moitos analfabetos, acougaba derredor do lector prestando moita atención á historia. Contábanme que cando se lles esquecía traer a novela, sempre había un mariñeiro capaz de repetir de memoria, con todo detalle, unha das novelas xa lidas.

Nos viveiros a vida facíase na cuberta. Os sollados de popa e proa estaban preparados para durmir, ben en cois ou colchonetas de miraguano. A tripulación estaba composta, polo regular, de seis homes. Era moi normal ter un ou dous rapaces que se embarcaban para aprender o oficio, sempre facendo labores de axuda e limpeza que co paso do tempo ían deixando. Do que non se liberaban era de pescar no momento en que se chegaba á sonda, todas as mans de a bordo eran necesarias e a pesca facíase de sol a sol parando unicamente para comer de pé e tentando as liñas. Cando os barcos se atopaban fondeados en porto a comida repartíase e comíase na cuberta. A comida era abundante e case sempre con peixe como elemento proteínico: a carne, pola dificultade da súa conservación, era escasa e se a había era salgada. *(Fig. 15)*

Fig. 15.- Viveristas xantando mentres están fondeados fronte a Casa Blanca

Foi a pesca onde as cadeas migratorias de carácter familiar e local tiveron un forte arraigo. Cando un barco se encontraba na Habana reforzábanse polo costume de que os familiares e veciños que se atopaban traballando en terra no comercio e outros oficios, nos anos vinte, e pode que antes e despois tamén, todos os domingos viñan a comer aos vi-

Fig. 16.– Visita dun grupo de redeños, que traballan no comercio da Habana, a un viveiro fondeado diante de Casa Blanca, para comer un domingo cos parentes e veciños

veiros en familia. Remataba o xantar e despois, pola tarde, cada un collía o rumbo que mellor lle viña. Así era a vida dos mariñeiros. *(Fig.- 16)*.

Cando un barco-viveiro saía para pescar tiña que facer provisión de víveres, carnada e outras cousas necesarias para botar vinte días no mar. Todo este aprovisionamento facíase por conta do armador, que ás veces o suministraba do seu comercio, deixando o pago pendente da venda da pesca que colleran. Saían empeñados e se a pesca ía mal o problema era de difícil solución.

Outras veces cando chegaban coa pesca atopábanse con prezos baixos por importacións de peixe de USA e os mercados estaban saturados, a venda non daba nin para cubrir gastos. Cando os mariñeiros eran solteiros os problemas eran menos problemas, pero cando tiñan unha familia que os estaba agardando para comer a cousa si que tiña importancia. Estas situacións inxustas que ocorrían moi miúdo fixo que os mariñeiros tomaran conciencia da súa situación de desamparo e se asociaran formando sindicatos que tiveron unha representación na flota moi alta. As folgas convocadas, sobre todo no período do presidente Batista, foron reprimidas con dureza e algúns mariñeiros sindicalistas foron deportados a España pola súa participación nas folgas. *(Fig. 17).*

7. A LENDA NEGRA DOS BARCOS VIVEIROS

Tamén os barcos-viveiro tiveron a súa lenda negra na que participaron algúns dos barcos da flota viveirista, levando á practica accións fóra da lei que ensombreceron a reputación dos viveiristas.

O contrabando era unha das actividades que máis practicaban aqueles aos que a ambición ou necesidade levaba a poñerse á marxe da lei. Ás veces contando coa cola-

CONFEDERACION NACIONAL OBRERA DE CUBA

SINDICATO
UNION DE VIVERISTAS
DEL PUERTO
DE LA HABANA

Adherido a la Federación Obrera de la Bahía de la Habana

REGLAMENTO

HABANA
EDITORIAL ATALAYA
Habana No. 108
1939

SINDICATO UNICO
DE LA
INDUSTRIA DE PESCA
DE CUBA

CASA BLANCA

Pan. Belmonte.—Monte 60.
Telf. A-6151.—Habana

Fig. 17.– O sindicalismo tivo unha forte implantación na flota do Golfo

boración corrupta dos funcionarios de ambas bandas e outras arriscando barco e tripulación. No momento en que se promulga en USA a Lei Seca, o ron fabricado en Cuba era mercancía a levar ás costas americanas. Os patróns dos viveiros eran bos coñecedores da costa dunha banda e da outra do Golfo. Nunha cala da costa de Cuba fondeaba un viveiro, en terra descargábase o ron dos camións que o trouxeran ata alí, en caiucos se deixaba no viveiro que partía rumbo a caios ou illas perdidas onde os estaban agardando para descargar a mercancía. Así se obtiñan unhas ganancias que moitas veces non chegaban á tripulación por non estar ao tanto do negocio. Non só se traficaba con ron, tamén as caixas de "guayaba" eran utilizadas e calquera outro produto que deixara algunha ganancia, incluso drogas.

Outro labor practicado polos patróns dos barcos-viveiros, que se poñían á marxe da lei, era o transporte de emigrantes a USA ou México, ás veces dentro das viaxes ás zonas de pesca levaban algún emigrante que desembarcaban en calquera dos portos en que tocaban. Outras eran viaxes apropósito para levar grupos de emigrantes aos que se lles cobraba un prezo alto pola viaxe. Entre as moitas historias que se contan deste tráfico de emigrantes entre Cuba e o resto de países do Golfo, están os que se organizaban para levar grupos de chineses cos que saían da costa de Cuba e despois de cobrarlles e telos no mar un tempo volvíanos a deixar nas costas de Cuba.

8. O remate da pesca cos barcos-viveiro

Cando os viveiros chegaban á badía da Habana e fondeaban diante de Casa Blanca a pesca pasaba das adegas do barco ás cachuchas fondeadas con pesados mortos e atadas con cadeas para que a corrente das mareas non as levasen arrolo polo mar. Así botaron anos sen que nada alterara o funcionamento do sistema. Pasados uns anos empezouse a ver, unha vez depositada a pesca nas cachuchas, que a mortalidade do peixe medraba de forma alarmante, facendo inviábel o almacenamento nas cachuchas.

Despois de non poucos estudos chegouse á conclusión que os vertidos de augas fecais pola rede de sumidoiros a badía era a causa da morte do peixe. A cidade da Habana medrara de forma considerábel, á rede de sumidoiros conectáronse novos barrios e a materia orgánica que levaba en suspensión as augas que se vertían á badía, que facían que ao producirse a súa oxidación restaran osíxeno a auga do mar. A consecuencia desta situación era que o peixe morría por falta de osíxeno. Unha solución non definitiva mentres se buscaba a forma de amañar o problema foi poñer diante das cachuchas, a favor da corrente

da marea, un barco a motor funcionando permanentemente orientando a hélice para que o chorro de auga que xeraba ao xirar atravesara as cachuchas, aumentando o caudal de auga que cruzaba polas cachuchas se aumentaba a oxixenación e os peixes non morrían, pero non era a solución.

Máis tarde considerouse que, unha posibel solución, podía ser levar as cachuchas fóra da canle da ría e leváronas para detrás do Morro e badía de Cojimar preto da Habana. A solución se ben baixou a mortandade do peixe tiña outros problemas sen solución, como era o da falla de protección ante os temporais. A lenta transformación dos viveiros en neveiros acelerouse e o peixe pasou a conservarse en xeo nas adegas dos barcos. Capa de xeo e capa de peixe e así chegaba á Habana en boas condicións para o consumo.

Os problemas anteriores foron determinantes para a desaparición dos viveiros, as melloras froito da industrialización da pesca renovaron a flota acelerando a súa desaparición para rematar co triunfo da Revolución Castrista e os novos planes que se levaron a cabo para regular o sector da pesca. Moitos dos pescadores, patróns e mariñeiros galegos que aínda quedaban en Cuba enroláronse na nova flota como mestres da nova xeración de cubanos.

9. Lembrando os irmáns Maceiras de Pontedeume

Os irmáns Maceiras, Tino (Costantino) e Moncho (Ramón) foron dous viveiristas que eu coñecín cando no ano 1997 estiven na Habana. Preguntei no Centro Galego se coñecían algún vello viveirista e puxéronme en contacto con eles, eran de Pontedeume e foran para a Habana traballar con seu pai, tamén de Pontedeume, e patrón dun barco-viveiro, con el aprenderon de mozos o oficio do mar.

Cando eu os coñecín xa estaban retirados, quedaron comigo para manter unha entrevista na que me ían contar a súa vida como mariñeiros dos viveiros. Fun buscalos á súa casa na Habana Vella. Vivían núa casa apuntalada polo interior e exterior, con falta de pintura e carencias que mostraban a situación precaria daqueles homes curtidos polo mar e nese momento cun futuro incerto; moitos nenos corrían polos pasillos e escaleiras da casa. Saímos á rúa e camiñamos polo Malecón onde me contaron a aventura que fóra a súa vida, escoitei e preguntei e quedoume moi claro que non fora fácil a súa andaina polo Golfo embarcados nos barcos-viveiro. Impresionoume a maneira en que falaban da súa vila natal de Pontedeume, dos anos de neno xogando polas rúas e peirao, dos amigos e familia que deixaran tan lonxe. Non tiñan esperanzas de volver a Pontedeume aínda que lles gustaría moito. Chamabane o “Periodista”.

Pasado un ano (1998) faláronme de que os irmáns Maceiras viñan invitados pola Xunta de Galicia a pasar uns días a Pontedeume. Púxenme en contacto con eles e agasalleinos canto me foi posibel, inviteinos á miña casa de Redes, fomos comer e un día leveinos a Cabanas á chocolataría a merendar. O dono da chocolataría recoñeceunos, pois

de nenos foran amigos, sentouse connosco e falaron dos seus anos de nenez de cando, alleos ao futuro que os agardaba, rían e corrían cheos de felicidade. Había alegría e tristura no rostro de aqueles dous homes. A súa vila prosperara moito, nada tiña que ver coa vila que deixaran cando marcharon, os seus amigos tamén conseguiran mellorar. Pero eles, aló na Habana afastada, case non tiñan para comer e manter unha vida digna, despois de tanto traballo e loita co mar o destino era inxusto con eles.

Os meus amigos, irmáns Maceiras, non se queixaban. Nunca lles escoitei unha verba de descontento nin a favor nin en contra dos causantes das circunstancias en que vivían; eran estoicos e valentes ademais de boas persoas. Sentinme tan impresionado polo que estaba vivindo con eles que lle escribín ao entón alcalde de Pontedeume, para que estando próximos os actos da inauguración do tramo de autoestrada Miño-Cabanas, os invitara aos actos oficiais. Non houbo sorte, ninguén me contestou a carta nun sentido ou outro. Que fermoso sería que, en representación do colectivo galego orixinario de Pontedume e da súa ría de todos os tempos, estes dous dignos viveiristas que exercían de embaixadores da súa terra na Habana tivesen este pequeno recoñecemento por parte dos políticos da vila. Os dous irmás volveron á Habana levando a derradeira imaxe da súa vila mesturada coas mostras de agarimo da familia, dos veciños e amigos. Non souben máis deles, pero é certo que deixaron unha forte pegada en min. Sirva este traballo de lembranza e agradecemento por permitirme coñecer os segredos das súas vidas de aventura.